

1. O cura e maila criada
foron ós carabullíños
o a criada caeu de espaldas
e o cregho de fuciños.
2. [...]

[...]naron de cocer-e
a leña estaba no monte
a fariña por moer-e.
3. ¿Para qué quieres paloma
si no tienes palomar?
¿Para qué quieres la niña
si no tienes que le dar-e?
4. [Hei]che de dar un cariño
un cariño ãcariñado
heiche de dar un cariño
que ch' ha de durar un ano.
5. O melro a maila melra
iban polo prado arriba
díxolle o melro a melra
bótalle o pilro por riba.
6. Polo d'hoxe vivo libre
polo de mañán, no sei
Das malas linguas do mundo
non sei se me librarei.
7. Miña nai é panadeira
vive na calle da i-horta
o que me queira vir ver-e
a miña casa ten porta.
8. Quéroche ben, non hai duda
quéroche ben, non hai duda
quero que nos enterremos
ambos nunha sepultura.
9. Heicho de dar, queridiña
heicho de dar, que o teño
heicho de dar, queridiña
o anillo do meu dedo.
10. No te fies en los hombres
u-unque los veas llorar-e
son capaces de engañar-e
a la Virgen del Pilar-e.
11. No te fies en los hombres
ancue los veas a ghritas
son capaces de engañar
a las ánimas benditas.
12. Pasei pola túa porta
e mirei pola pechadura
quedaba teu pai caghando
no potexo da verdura.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades